



CONTRATO DE ADOPCIÓN DA FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS

En Santiago de Compostela, a _____ de _____ de 202_____, reunidos:

Dunha parte, (CUBRIR TODO EN MAIÚSCULAS)

Nome e apelidos:	DNI ou NIF:	Teléfono 1:
		Teléfono 2:
Enderezo:		
Localidade:	Provincia:	CP:
Dirección de email:		

Interesado/a en adoptar o animal indicado neste contrato, en diante denominado como **ADOPTANTE**, e doutra parte **A FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS**, en diante denominada como **FUNDACIÓN**, con NIF G 70030762, actual **PROPIETARIA** do animal que se vai adoptar.

PRIMEIRO: Que o/a **ADOPTANTE** desexa adoptar o/a:

DATOS DO ANIMAL:

Especie:	Data nacemento estimada:	Nº ingreso e nome:
Raza:	Peso:	Sexo:
Está esterilizado/a: SI NON	Data prevista esterilización:	Número de microchip:

adquirindo con respecto a este as obrigas descritas máis abaixo no apartado “Estipulacións”.

SEGUNDO: Que a **FUNDACIÓN** está interesada en entregar en adopción o citado animal.

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA: Polo asinamento deste documento, o **ADOPTANTE comprométese** ao cumprimento da actual lexislación de PROTECCIÓN DOS DEREITOS E O BENESTAR DOS ANIMAIS (Lei 07/2023 de 28 de marzo) e de PROTECCIÓN DE ANIMAIS DOMÉSTICOS E SALVAXES EN CATIVIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (Lei 4/2017 do 3 de outubro, DOG n.º 194 do 11 de outubro de 2017), debendo proporcionarlle ao animal unha alimentación axeitada, auga fresca e unha vida digna, os tratamentos veterinarios precisos, así como todos os coidados necesarios de conformidade co establecido na lexislación vixente.

Expresamente, prohíbese ao ADOPTANTE someter o animal adoptado a vexacións ou malos tratos; isto inclúe a prohibición de telo atado durante todo ou gran parte do día, cortes estéticos de rabo ou orellas, utilizalo para a cría, así como abandonalo, vendelo, cedelo ou regalalo xa que, **no caso de non o poder atender**, o **ADOPTANTE** comprométese a devolver a propiedade do animal á **FUNDACIÓN** que posúe a reserva de dominio sobre este, aboando o **ADOPTANTE** o importe correspondente segundo os prezos vixentes fixados polo Padroado da **FUNDACIÓN**.

SEGUNDA: O **ADOPTANTE non pode criar co animal adoptado**. O **ADOPTANTE acepta que ten que esterilizar o animal adoptado**, se non se lle practicase aínda, presentando un certificado veterinario de dita esterilización á **FUNDACIÓN** que realizará sempre un veterinario actuante. **No caso dos cachorros**, establécese que a cirurxía deberá realizarse a partir dos 6 ou 7 meses de idade do animal. A **FUNDACIÓN** non aboará os custes da esterilización que se practique fóra do Refuxio. A **FUNDACIÓN** pon a disposición dos donos de animais adoptados no Refuxio, a posibilidade de realizar a cirurxía no propio Refuxio aboando para isto os Prezos establecidos e aprobados polo Padroado da **FUNDACIÓN**. Se, a pesar de todo, a femia quedase xestante o dono ten a obriga de esterilizar antes do parto. Se non se fixese



CONTRATO DE ADOPCIÓN DA FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS

deste xeito, o ADOPTANTE comprométese a devolver a propiedade do animal á FUNDACIÓN que posúe a reserva de dominio sobre este. A FUNDACIÓN non se fará responsable das camadas nadas polo incumprimento desta condición segunda.

TERCEIRA: Procederase na FUNDACIÓN á **implantación do chip de identificación** obrigatorio nos casos indicados na Lei e nos termos nos que a mesma estabrezca. No caso de non ser así por acordo coa FUNDACIÓN, correrá por conta do adoptante, que terá que comunicalo nun prazo non superior a quince días.

O ADOPTANTE porá en coñecemento da FUNDACIÓN o falecemento do animal e as súas causas.

O ADOPTANTE porá en coñecemento da FUNDACIÓN a súa posible perda ou extravío no momento de suceder e deberá dar parte á base de datos do Rexistro Galego de Animais de Compañía de Galicia.

No caso de que o ADOPTANTE cambiase de enderezo ou teléfono, informará á FUNDACIÓN dos novos datos nun prazo non superior aos quince días do cambio. Se o animal fora cedido a outra persoa, ten que comunicalo á FUNDACIÓN, pasando dito novo dono a aceptar tódalas condicións deste contrato.

CUARTA: O ADOPTANTE comprométese expresamente a permitir á FUNDACIÓN ou a calquera persoa debidamente identificada e autorizada por esta, a efectuar as inspeccións oculares do lugar onde se atopa o animal adoptado e as súas condicións de vida en calquera momento.

QUINTA: O incumprimento de calquera das obrigas reflectidas neste contrato faculta á FUNDACIÓN para exercer a reserva de dominio que posúe sobre o animal obxecto de adopción ou para requisalo temporalmente mentres se comproba o cumprimento ou non das obrigas asumidas polo ADOPTANTE, todo iso sen trámite adicional de ningún tipo.

SEXTA: O ADOPTANTE terá que aboar os prezos vixentes segundo se aprobaron polo Padroado da FUNDACIÓN. O importe non se devolverá.

En caso de que enfermara nos 20 primeiros días por estar incubando algunha enfermidade vírica, o dono/a terá que traelo inmediatamente á Fundación en horario de mañá. Se o levara a unha clínica veterinaria, a FUNDACIÓN non aboará os gastos veterinarios.

SÉTIMA: Así o din e outorgan as partes intervenientes, comprometéndose ao máis estrito cumprimento deste contrato sobre as cláusulas precedentes, declarando que o presente contrato ten forza de obrigar.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado para un só efecto no lugar e data referidos no encabezamento:

Nome e sinatura do ADOPTANTE

Nome e sinatura do representante da
FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS

Asdo. _____

Asdo. _____

DNI. _____

NIF. _____

O contido desta comunicación, así como o de toda a documentación anexa, é confidencial e vai dirixido únicamente ao destinatario do mesmo. No suposto de que vostede non fose o destinatario, solicitámoslle que nolo indique e non comunique o seu contido a terceiros, procedendo a súa destrución. No cumprimento do Regulamento Xeral (UE) 2016/679 de Protección de Datos, informámoslle de que os seus datos persoais están incluídos nas Actividades de Tratamentos, das que é responsabel a Fundación Refugio de Animais e utilízanse para realizar unha correcta xestión da nosa relación comercial. Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade en calquer momento, mediante escrito, achegando copia do seu documento oficial que lle identifique dirixido ao Refugio de Bando, Lugar de Zarramacedo – Bando s/n, 15890 en Santiago de Compostela (A Coruña)